

Bos días nenos e nenas de 6º de Educación Primaria:

Despois da semana dedicada ás Letras Galegas seguimos co noso traballo de inglés. Imos a comezar tema novo o **tema 6** titulado **Eureka** “Eureka”.

Pero antes imos a empezar con unha tarefa que quero que fagades na libreta. Ide ao **Pupil’s Book páxina 44** e vades a escribir 5 diferencias entre o debuxo 1 e o 2. Tedes un exemplo na actividade 2:

In picture A, there’s a car and a motorbike in the street.

In picture B, there are two cars in the street.

Fácedes vós na libreta catro diferenzas máis.

Despois copiaredes as preguntas da Actividade 1 e as responderedes na libreta tamén. Recorda que podedes escoitar o listening premendo no altavoz. Xa por último faredes o exercicio 3 escoitar o diálogo e copialo na libreta. Despois quero que fagades o voso propio diálogo cambiando a comida e a bebida que aparece no diálogo. Recorda:

starter-entrante;

main course-prato principal;

dessert-postre.

Primeira tarefa feita.

Agora si, imos comezar co tema 6. No tema anterior vimos o pasado do verbo to be e agora imos a repasar como se forma o **pasado simple dos verbos regulares**, vades a ver que é moi sinxelo.

Na páxina 45 temos exemplos de verbos regulares, temos sorte que o 90% dos verbos en inglés son regulares así que é moi sencillo conxugalos en pasado pero o 10% restante é irregular e hai que aprender as súas formas en pasado porque son verbos moi comúns como see-saw Vexo/vin go-went vou/fun e tamén me gustaría poder ver algún dos verbos irregulares máis comúns durante este curso.

Imos ao **Pupil’s Book páxina 45** e copiadre na libreta o título da unidade e o vocabulario que neste caso son verbos regulares. Mando un documento adxunto coa súa tradución pero trata ti primeiro de deducir os seus significados vendo o debuxo. Despois escoita a canción e cópiaa na libreta. Tamén mando a tradución por se non entendes algo.

Seguidamente vai ao **Activity Book páxina 55**, é un repaso do presente simple e fai as actividades 1, 2 e 3.

Agora imos a ver a historia. Mando tamén a tradución. Así que ide ao **Pupil’s Book páxina 46** e premede no altavoz para escoitar a historia.

Despois de escoitar a historia vades a facer as actividades do **Activity Book páxina 56** e fai os exercicios 4, 5 e 6. Mando as solucións por se tedes algunha dúbida.

En total mando 5 follas xa vos organizades vós para facelas durante a semana. Se podedes mandade tarefas ao meu correo fachalpuri@gmail.com e podedes escribirme para calquera consulta.

Vémonos o xoves, Lina trae unha presentación relacionada con inventos e inventores. A ver se lle sabedes dicir vós algún invento e inventor español.

Boa semana.

Coidádevos.